



TAN PEQUENA E TAN GRANDE

Este mes de abril,
no teito da miña casa
coma se estivera nun atril,
instalouse unha paxara.

Dende entrado o mencer
o Pavarotti cantaba,
chegueino a aborrecer
cada vez que me espertaba.

Os demais atopábano moi romántico,
mais para min era un barallocas.
Non durmía co seu cántico,
podería cantar a outras horas...

Na fin de semana tamén cantaba
eu xa o tiña por lacazán;
se tanto piaba, non traballaba,
este paxaro era un truán.

Comecei a velo
cando chegaba á porta
ollábame dende o ceo,
mesmo buscaba liorta.

Entón dinme conta do que pasaba:
non era paxaro, era paxara
e no canalón aniñaba,
alí se acomodara.

Púxenme a investigar;
era un gorrión,
trinta gramos podía pesar,
tan pequena, e...
tan sonora a súa canción.

Oíase en todo o barrio
e non se cansaba xamais,
duraba horas o seu chío,
non cesaba nos seus recitais.

Entón, acostumeime a ela,
cando tiña galbana, pensaba;
se ela se levanta, eu tamén
e levantábame de mala gana.

Tanto se había arroiada
coma se había brétema
a paxariña estaba levantada
seguía sempre o mesmo esquema.

Ao final, admirábaa
tan pequena e tan loitadora!
e mesmo a envexaba,
tanta vontade, sendo só voadora.

Xa hai un tempo que non a escoito,
mais paréceme que preto voa.
Ao primeiro, tanto trastorno,
e agora desexo que volva!

